

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 06/05/1970

Colección:

Data: 06/05/1970

De:

Francisco Fernández del Riego;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Reconquista, 1 (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Destino:

María de Guzmán, 54-4º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografiada, con sinatura autógrafa e con membrete: EDITORIAL GALAXIA, S. A.].



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 06/05/1970

EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Reconquista, 1 - Teléfono 218204
VIGO - 6-maio-1970

Sr. D. Luís Tobío
Madrid

Meu querido amigo:

Recibín a seu tempo a túa carta, como comprenderás. Agora chegaronme as probas correxidas do teu traballo pra "Grial". Faranse as separatas que pides, cando o número se publique.

Estiven tratando de localizar a Fernández de Córdoba, pra lle pedir as cousas que che interesaban. Pero ese home anda con frecuencia fora de Vigo e non puiden dar con el.

Por tal motivo optéi por recurrir á Biblioteca Penzol. Onte mandeiche por correo certificado o "Bosquejo histórico", e o número do "Museo de Pontevedra" no que figura o artigo que me pedías.

Estimaríache moito que tiveses conta de ambos volumes, e que mos devolveses axina como fagas uso deles, pois na Biblioteca non hai duplicados.

Alédame moito a nova de que este ano viredes á Guardia. Confío en que nos vexamos, como é natural.

Garimosos saúdos a todos vós da miña muller e máis meus, e pra ti a cordial aberta de sempre, de

F. del R. [sinatura autógrafa]

C/c. Banco de La Coruña, Banco Pastor, Banco H. Americano
Banco Exterior de España, Caja de Ahorros Municipal de Vigo

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.